



Teaching Guide						
Identifying Data				2023/24		
Subject (*)	Education and Languages in Galicia		Code	652602003		
Study programme	2 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Tecnoloxía					
Descriptors						
Cycle	Period	Year	Type	Credits		
Official Master's Degree	1st four-month period	First	Obligatory	1.5		
Language	Galician					
Teaching method	Face-to-face					
Prerequisites						
Department	Letras					
Coordinador	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	E-mail	carlos.vizcaino@udc.es			
Lecturers	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	E-mail	carlos.vizcaino@udc.es			
Web						
General description	Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación.					

Study programme competences				
Code	Study programme competences			
A13	(CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagógicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.			
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			

Learning outcomes				
Learning outcomes			Study programme competences	
Saber deseñar mecanismos de recoñecemento no grupo escolar de preconceptos que conduzan á discriminación (nomeadamente a lingüística) e actuacións para a súa erradicación.			AJ13	
Avaliar criticamente e en grupo as debilidades e as fortalezas dun proxecto lingüístico de centro de ensino real.			AJ13	CC4
Participar con argumentos sólidos e as claves da redacción académica en discusións dirixidas sobre a situación sociolingüística galega, os modelos de educación plurilingüe e o papel dos centros de ensino na planificación lingüística.			AJ13	CC1
A través das lecturas recomendadas, comprender a situación sociolingüística galega e coñecer a lexislación vigorante referida ao ensino das linguas en Galicia, mantendo un espírito crítico e comprometido cos valores de xustiza e equidade, asumindo a necesidade de actualización profesional ao longo da vida.			AJ13	CC4

Contents		
Topic	Sub-topic	
Unidade e diversidade lingüística. Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe	Que son as linguas?	
	Canto coñecemos sobre a diversidade lingüística?	
	A educación en contextos plurilingües	
	Como apostamos polo plurilingüismo?	
A situación sociolingüística da lingua galega	Coñecemento e uso da lingua galega	
	Actitudes e preconceptos sobre as linguas. O caso galego	
	Ameazas e fortalezas da lingua galega	



As linguas no sistema educativo galego	A lexislación lingüística no sistema educativo A competencia lingüística A formación lingüística Referentes e compromisos
O papel dos centros educativos na planificación lingüística	A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación O proxecto lingüístico de centro Os equipos de normalización e dinamización lingüística

## Planning

Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Online forum	A13 C1 C4	0.5	4	4.5
Workbook	A13	1	13.5	14.5
Guest lecture / keynote speech	A13	3.5	0	3.5
Long answer / essay questions	A13 C1 C4	0	4	4
Case study	A13	10	0	10
Personalized attention		1	0	1

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Online forum	Na plataforma Moodle abrirase un espazo virtual de discusión e de aprendizaxe colaborativa en que se construirá convxuntamente un glosario de termos especializados, se incorporarán ligazóns de interese relacionada cos contidos da materia e terán lugar discusións asíncronas dirixidas polo docente. Esta metodoxía poderá ser adaptada en función das características concretas da turma.
Workbook	Elaboración de dous informes sobre as lecturas obrigatorias.
Guest lecture / keynote speech	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia.
Long answer / essay questions	Realizarase unha proba escrita de ensaio en que o alumnado deberá pór en relación, de maneira argumentada e crítica, o texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.
Case study	Nas sesións interactivas realizaranse supostos prácticos (i) de actuación sobre os marcos de pensamento ocultos que condicionan a atribución de valores negativos a unha lingua, (ii) de planificación lingüística nos centros de ensino e (iii) de análise, revisión crítica e proposición de alternativas de mellora dun proxecto lingüístico de centro.

## Personalized attention

Methodologies	Description
Workbook	O docente fará un seguimento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbihdas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas.
Online forum	Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia mentres esta se desenvolver. O alumnado con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbihdas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.

## Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Workbook	A13	Elaboración de informes de lectura segundo as pautas fornecidas polo docente e achega de comentarios aos informes das/dos compañeiras/os.	10
Case study	A13	Traballo crítico con supostos prácticos, individual ou grupalmente.	30



Long answer / essay questions	A13 C1 C4	Proba escrita en que haberá que relacionar de maneira crítica e con argumentos madurecidos un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.	30
Online forum	A13 C1 C4	Participación através do Moodle na construcción do glosario, nas discusións dirixidas asíncronas e na achega de ligazóns de interese. No caso de que esta metodoloxía fose adaptada, a súa porcentaxe na avaliación será asumida polos estudos de caso e a proba de ensaio.	30

## Assessment comments



Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurarán na plataforma Moodle.

O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica entregarán as actividades obligatorias nunha data concertada previamente co profesor. Este alumnado deberá realizar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puder asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Para superar a materia, será condición indispensábel ter realizado os estudos de casos e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 na proba obxectiva.

As persoas que non asistiren ao 80% das sesións presenciais, deberán realizar todas as actividades individualmente para poderen ser avaliadas.

As persoas que se presentaren á segunda oportunidade (xullo) ou na convocatoria adiantada (decembro) deberán entregar, antes da data marcada aos efectos de evaluación pola Facultade de Educación, os traballos que non tiveron superados, ben como realizar a proba de ensaio (caso non ter atinxido 4 valores sobre 10 na primeira oportunidade ou non a ter realizado).

Será considerado NON PRESENTADA aquela persoa que non realizar os estudos de casos e a proba obxectiva.

## NORMAS ESPECÍFICAS DE AVALIACIÓN PARA ALUMNADO CON RECOÑECIMENTO DE DISPENSA ACADÉMICA

Segundo o establecido na "Norma que regula o réxime de dedicación ao esetudo e a permanencia e a progresión dos estudiantes de grao e máster universitario na Universidade da Coruña (aprobado polo Consello Social do 04/05/2017), o estudiantado con recoñecemento de dispensa académica:

- i. Deberá poñelo en coñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non for posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle sexa concedido o recoñecemento.
- ii. Terá que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente. Se non se cumple a entrega na data sinalada considerarase o exercicio considerarase non realizado. No caso de se tratar dun exercicio de realización obligatoria, o/a estudiante será cualificado como NON PRESENTADO/A
- iii. A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes, na segunda oportunidade deberán repetir todas as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba) na primeira oportunidade. Se se suspender algunha actividade a cualificación final será a media ponderada das actividades, sempre que esta non supere o 4; de a media ser superior a 4 valores sobre 10, a cualificación final nesa convocatoria será de 4.

-----  
Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio e/ou presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se producir algunha destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliação, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario da UDC.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliação, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometía: o/a estudiante será cualificado con ?Suspens? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade coma na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, si for necesario.

## Perspectiva de xénero

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarse linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos性別, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)

Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Deberanse detectar situacions de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.



Basic	<ul style="list-style-type: none"><li>- Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo. Ames: Laioveneto</li><li>- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia</li><li>- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Skutnabb-Kangas, T. (2011). "Resultados de crecementismo e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?" en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC</li><li>- Xunta de Galicia (2007). Planificación linguistica nos centros de ensino 2007. Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Subielo e Fente (2012). "Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino"; en A letra miúda nº 1. Compostela: GENDL</li><li>- Iglesias Álvarez (2012). "Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos"; A letra miúda nº 1 (2012).. Compostela: GENDL</li><li>- Asorey Vidal (). "O ensino en territorios con conflicto lingüístico";, Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904.</li></ul>
Complementary	<ul style="list-style-type: none"><li>- Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago: Universidade</li><li>- Freixeiro Mato, X. R. (2002 [1997]). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laioveneto</li><li>- García Negro, Mª do Pilar (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra: Cumio</li><li>- Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates</li><li>- García Plata, Ignasi (). "A planificación lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Catalunya"; A letra miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL . Compostela: GENDL</li><li>- Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Subielo, X. (2009). "Democracia e política lingüística en Galiza";, en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Sanmartín Rei, G. (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC</li><li>- Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro . Vigo: Galaxia</li><li>- Monteagudo, H. /Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación . Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña</li><li>- Calvet, L.J. (1995). A guerra das linguas e as políticas lingüísticas. Compostela: Laioveneto</li><li>- Díaz García et ali (2009). Diversidade lingüística e cultural no ensino de linguas . Santa Comba: tresCtres</li><li>- Moreno Cabrera, J. C. (2006). De Babel a Pentecostés. Manifesto plurilingüista. Barcelona: Horsoni</li></ul>

## Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



Recoméndase un nivel mínimo de galego equivalente a B2.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.